

## O PÚBLICO VISITANTE DO MUSEO DE VILADONGA

*NOTA.- Este artigo é un resumo do traballo presentado ás «VIII Jornadas de Departamentos de Educación y Acción Cultural (DEAC-Museos)» celebradas en Mérida en 1991. Inclúese aquí por considerarse de interese para o conxunto dos socios. O orixinal íntegro publicarase nas Actas daquelas Xornadas (vid. Bibliografía).*

O estudo realizouse atendendo ós datos dos anos 1986 e 1990, sendo o total de visitas durante dito período, de 51.116, seguindo os libros de control de entradas do Museo, completado coas respostas a un cuestionario realizado entre Xullo e Outubro de 1988, que aportou interesantes mostras de opinión sobre o Museo de Viladonga e sobre os Museos en xeral.

En relación ó número de visitantes, durante os dous primeiros meses de apertura (novembro-décembro de 1986) contabilizáronse 1.234 persoas, sendo o ano seguinte (1987) 12.060, para descender en 1988 a 9.415 (no que incidiu sen dúbida o problema da responsabilidade civil dos ensinantes, que retroxou as visitas de escolares). En 1989 ascendeu a 14.351, e en 1990 o número de visitantes foi de 14.056.


En canto á distribución mensual, a maior afluencia prodúcese sempre no mes de Maio, debido á concentración das visitas de grupos de escolares, mentres as visitas individuais ou familiares aumentan sobre todo nos meses de verán (Xullo e sobre todo Agosto). Dous meses invernaís como

Xaneiro e Febreiro destacan por ser os de menor número de visitas.

Os días da semana preferidos polas visitas de tipo individual ou familiar son os sábados e domingos, en tanto que os grupos escolares soen preferir xoves e venres.

Respecto da procedencia dos visitantes, nun primeiro apartado hai que referirse á análise dos da propia provincia de Lugo, na que cabe destacar como os máis numerosos os procedentes da comarca na que se encrava o Museo, con 1.692 persoas, das cales a maior porcentaxe corresponde ó concello de Castro de Rei, ó que pertence Viladonga. Son as parroquias máis próximas ó Museo, coa propia Viladonga á

### Museo de Viladonga - Visitas 1986-1992



cabeza, as que deron un número máis alto de visitantes, atraídos, entre outras posibles causas, pola curiosidade e por resultarlles un lugar relativamente «familiar» aínda que pouco coñecido (e comprendido) en senso estricto.

De Lugo capital procedían 5.197 persoas, e do resto da provincia 1.361, destacando os 125 visitantes de A Pontenova e a relativa incidencia de público procedente da zona costeira, pois non hai que olvidar que Viladonga está nunha zona intermedia entre aquela e a capital.

Como ben se pode supoñer, son as zonas máis distantes as que ofrecen menor número de visitantes (Terra de Lemos, da Ulloa...).

Do resto de Galicia son os da provincia da Coruña os visitantes máis numerosos (2.627), no cal inflúe a proximidade e a existencia de boas comunicacións. Consecuentemente, as máis distantes e peor comunicadas son as que rexistran cifras moi inferiores (Pontevedra 845, e Ourense 189).

Por Comunidades Autónomas, á parte de Galicia, son as máis afíns culturalmente

e as máis próximas xeográficamente as que aportan máis visitantes: Asturias con 533 e Castilla-León con 388, coincidindo en xeral a procedencia dos mesmos con núcleos de certa actividade cultural e científica, e/ou con zonas industrializadas. Tamén son relativamente numerosos os chegados do País Vasco (242), de Barcelona (Cataluña en xeral, con 584) e sobre todo Madrid (991), zonas estas que recibiron un bo número de emigrantes da comarca lucense que veñen pasar as súas vacacións aquí, aproveitando para facer toda clase de visitas e entre elas ó Museo de Viladonga.

Do estranxeiro recibíronse só 175, dos cales un 61 % eran europeos (sobre todo franceses) e un 32 % procedían de América do Sur (de Cuba e Arxentina principalmente, como países receptores dun gran número de emigrantes galegos, sendo de aplicación aquí o sinalado no párrafo anterior).

Para as Visitas Escolares, o Museo preparou e difundiu uns Programas de Acción Didáctica que favorecesen aquelas visitas cun maior grao de aproveitamento. O seu nivel de uso e aceptación entre Profesores e Centros de Ensino pode considerarse tan só como medio.

Os escolares, un total de 23.648 (entre EXB, BUP e FP, case regularmente distribuídos). Supón case un 50 % máis cós visitantes individuais (16.079).

Outros colectivos que visitaron o Museo foron os universitarios e outros grupos máis heteroxéneos (parroquias, centros sociais e da terceira idade, Asociacións de Amigos dos Museos, etc.), o que supón a diversificación da imaxe do Museo e a súa apertura a toda clase de público.

A análise do público quíxose complementar mediante a distribución entre os visitantes individuais do Museo, dun cues-

tionario, (concretamente entre Xullo e Outubro de 1988), cunha serie de preguntas sobre o Centro e os Museos en xeral.

A maioría dos enquisados eran da provincia de Lugo (o 55 %), un 24 % tiñan estudos superiores, un 21 % estudos medios e o 7 % estudos elementais.

A frecuencia coa que as persoas que responderon ó cuestionario acuden ós Museos e, en xeral, maior entre os que teñen estudos superiores tal como cabería esperar.

Ó 97 % de tódolos preguntados parecélles interesante o contido do Museo, pesía a que soen recoñecer que se detiveran pouco a ler os textos informativos ofrecidos. Pola contra, un 50 % veu o audiovisual, e solicitou máis información (en forma de guías e catálogos, daquela aínda non disponibles) un 77 % dos visitantes.

En xeral (a un 95 %) gustáballes a forma en que estaba presentado o Museo, alababan o trato do persoal e coincidían no aspecto globalmente positivo da visita.

Por último, algúns fixeron suxerencias sobre unha mellor sinalización do sitio tanto

en ruta como en guías turísticas, e outros apuntaban a posibilidade de incluír o idioma castelán na rotulación, pesía a que xa había unha guía de man para usar na visita por aqueles que o desexen.

Como conclusión, e á parte da validez «sociolóxica» ou non do mostreo, o balanço da incidencia na comarca e nos visitantes pode considerarse positivo, tendo en conta ademais que se trata un Museo (naquel momento) de recente creación, que esixe un desprazamento e que se encontra supeitado ós inconvenientes (como a incidencia do tempo metereolóxico), pero tamén a tódalas vantaxes (como a potenciación dun conxunto patrimonial no seu medio natural), que teñen os Museos Arqueolóxicos de sitio.

*P.S.- Moitos dos aspectos deste mostreo foron posteriormente comprobados ou ben matizados (case nunca contraditos) nos anos posteriores ó mesmo. A efectos informativos e complementarios, apórtase un gráfico estadístico de visitantes actualizado a 1992.*